

Resolución do 18 de decembro de 2024, para nomear e publicar a composición do tribunal que xulgará as probas selectivas para a provisión de sete prazas vacantes na relación de postos de traballo de persoal técnico de xestión e de administración e servizos, funcionario/a de auxiliar técnico/a de biblioteca, subgrupo C1.

Mediante a Resolución do 4 de xuño de 2024 (DOG do 14 de xuño de 2024), convocáronse probas selectivas para a provisión de sete prazas vacantes de auxiliar técnico/a de biblioteca, escala axudante/auxiliar, subgrupo C1, mediante quenda libre.

Esta Xerencia, no uso das atribucións conferidas no artigo 40 dos Estatutos desta Universidade, aprobados polo Decreto 101/2004, do 13 de maio (DOG do 26 de maio), e da delegación de competencias operada por Resolución reitoral do 10 de xullo de 2024, e conforme ao establecido na base 5.1 da convocatoria,

RESOLVE:

Publicar a composición do tribunal, no anexo desta resolución, que xulgará as probas selectivas para a provisión de sete prazas vacantes de auxiliar técnico/a de biblioteca, escala axudante/auxiliar, subgrupo C1, mediante quenda libre.

Este tribunal terá dereito a percibir as indemnizacións que lle corresponden á categoría terceira das recollidas no artigo 16 do regulamento para liquidar e para tramitar indemnizacións por razón de servizo, aprobado no Consello de Goberno do 27 de abril de 2023 e modificado por resolución reitoral o 19 de xullo de 2023.

A Coruña, asinado dixitalmente

A xerenta

PD Reitor (RR 10.07.2024)

M^a Jesús Grela Barreiro

Código Seguro De Verificación	rUZvUbtDws8WpgcsuEDlIA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Xerenta - María Jesús Grela Barreiro	Asinado	18/12/2024 12:17:24
Observacións		Páxina	1/2
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/rUZvUbtDws8WpgcsuEDlIA=		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



ANEXO**TRIBUNAL TITULAR**

Presidenta: M^a José Gutiérrez Calvete, funcionaria da Universidade da Coruña

Vogais:

Ana María Freire Pousa, funcionaria da Universidade da Coruña
Mónica Seijas Lago, funcionaria da Universidade da Coruña
Cristina Fernández Janeiro, funcionaria da Universidade da Coruña

Secretaria: Raquel Núñez Orjales, funcionaria da Universidade da Coruña, que actuará con voz e sen voto.

TRIBUNAL SUPLENTE

Presidenta: Marta Lago Méndez, funcionaria da Universidade da Coruña

Vogais:

Patricia Rodríguez Penas, funcionaria da Universidade da Coruña
Patricia Cristina Blanco González, funcionaria da Universidade da Coruña
M^a Teresa Grandío Rodríguez, funcionaria da Universidade da Coruña

Secretario: Francisco Javier Uranga Mariño, funcionario da Universidade da Coruña, que actuará con voz e sen voto.

Código Seguro De Verificación	rUZvUbtDws8WpgcsuEDlIA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Xerenta - María Jesús Grela Barreiro	Asinado	18/12/2024 12:17:24
Observacións		Páxina	2/2
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/rUZvUbtDws8WpgcsuEDlIA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

